

## ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE MAIO DE 2026

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de maio de dous mil vinte e seis, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as trece

horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

### 1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 8 de maio de 2026, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

### 2.- CONTRATACIÓN DUNHA (1) TRABALLADORA AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2026 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 30 de abril do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación dun (1) posto de traballo subvencionado ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2026.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as ao posto de traballo ofertado, correspondente ao perfil profesional de educador/a social (RS núm. 319, do 30/04/26). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello a seguinte única candidata:

Educadora social (oferta núm. [REDACTED])

— Jorge Mato, María Elena

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse á candidata preseleccionada un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentou a documentación a seguinte candidata:

— Jorge Mato, María Elena (RE núm. 583, do 08/05/26).

O proceso selectivo desenvolveuse o día 13 de maio do corrente, co seguinte resultado:

CANDIDATA	PUNTUACIÓN TOTAL
MARÍA ELENA JORGE MATO	5,00

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor da seguinte única candidata ao proceso selectivo: María Elena Jorge Mato.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal cualificador e debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo completo (37,5 horas/semana), por un período de sete (7) meses e catorce (14) días, da traballadora que deseguido se sinala:

Educadora social

NOME E APELIDOS	DNI
MARÍA ELENA JORGE MATO	██████████

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

### **3.- ORGANIZACIÓN DA III EDICIÓN DA INICIATIVA MUNICIPAL “SABOR LABREGO RODEIRO 2026” E APROBACIÓN DE BASES**

O concelleiro Sr. Lamazares Casero, delegado de Sector Primario, informa á Xunta de Goberno Local da prevista celebración para os vindeiros días 23 e 24 de maio do corrente dunha terceira edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, iniciativa municipal que gozou dunha moi favorable acollida nas edicións celebradas os dous últimos anos e que se pretende continuar en anos sucesivos como un escaparate das potencialidades do importante sector agroalimentario de Rodeiro. A programación prevista é similar a anos anteriores, incorporando algunhas novidades como se consignan nas correspondentes Bases.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Organizar a iniciativa municipal “*III Sabor Labrego Rodeiro 2026*” os vindeiros días 23 e 24 de maio do corrente en Rodeiro.

Segundo.- Aprobar a programación confeccionada pola Concellería-Delegada de Sector Primario.

Terceiro.- Aprobar as Bases da iniciativa co contido íntegro que se consigna no anexo ao presente acordo.

Cuarto.- Imputar o gasto que orixine a iniciativa á partida orzamentaria 330/226 do orzamento en vigor, ata un límite global por todos os conceptos de VINTE E CATRO MIL EUROS (24.000,00 €), IVE incluído.

Quinto.- Facultar expresamente ao Sr. concelleiro-delgado de Sector Primario para que dispoña as instrucións que resulten necesarias para o mellor desenvolvemento da iniciativa aprobada.

#### ANEXO

#### BASES DA III EDICIÓN DO "SABOR LABREGO 2026"

##### 1. OBXECTIVOS

Con Sabor Labrego buscamos poñer en valor e promover as potencialidades do sector agroalimentario. Pretendemos destacar a excelencia das diferentes producións alimentarias de economía social, agroecolóxicas, de pequenas escala, etc. En definitiva, pretendemos poñer o foco en diferentes produtos de calidade diferenciada coa finalidade ampliar a oferta e fomentar o consumo.

Ao mesmo tempo, a produción agroalimentaria e un aliciente turístico a seguir explotando no interior da provincia de Pontevedra. Promover que persoas de outras latitudes se acheguen a Rodeiro para descubrir un entorno produtor de alimentos, alimentos con sabor, granxas diversificadas, proxectos de transformación pode chegar a ser un aliciente para vir visitarnos.

Por suposto destacamos a produción de leite e carne de vacún, mais tamén, debemos reforzar outras produción que poden xerar riqueza a nosa localidade como pode ser o mel, castaña, cogomelos, horta, a transformación, o silvopastoreo, etc.

En definitiva, temos un territorio que pode xerar maiores recursos para a economía familiar e dende a administración local queremos traballar no seu impulso e promoción.

Coa finalidade de executar o anteriormente exposto destacamos as numerosas propostas que abranguen a totalidade do ano con charlas, obradoiros, cursos, impulso organizativo en defensa dos recursos alimentarios locais, etc.

##### 2. EXPOSICIÓN DE VACA RUBIA GALEGA

A Asociación gandeira Rubia Galega do País seleccionará 6 animais de Raza Rubia Galega entre a cabana gandeira de Rodeiro que estará exposta nunha carpa na Rúa Gumersindo Areán.

Cada gandería participante na exposición recibirá 2 menús "Sabor Labrego" e por cada vaca participante 50 €.

Dita exposición celebrarase o día 24 de maio en horario de 12 a 15 horas.

##### 3. RECOÑECEMENTOS GANDEIROS

Ao igual que o ano pasado, teremos un recoñecemento a diferentes gandeiros ou gandeiras que foran os mellores durante o ano 2025 en diferentes categorías.

A selección das granxa premiadas será aportado por Africor Pontevedra.

Categorías:

As 3 mellores granxa con maior produción media.

As 3 mellores granxas con reconto celular máis baixo.

#### 4. CATA DE VIÑOS E QUEIXOS

O sábado 23 de maio a partires das 18h celebrarase una cata de queixos das diferentes denominacións de orixe galegas e viño mencia na carpa sita na Rúa Gumersindo Areán.

Para poder participar nesta cata haberá que reservar praza no teléfono da biblioteca en horario de mañá.  
O número de participantes máximo será de 40 persoas.  
O prezo por persoa será de 5 €.

#### 5. VENTA DO PIN "SABOR LABREGO"

Nos diferentes establecementos públicos de hostalería local que participan na III Festa do Chuletón poderán ter a venta a chapa do Sabor Labrego.

Condicionantes:

- O Concello porá a disposición dos locais as pins.
- Cada local terá que pagar ao Concello 1€ por cada pin vendido una vez finalizado o mes de maio.
- Cada hostaleiro/a poderá vender a chapa ata un prezo máximo de 1 €.

#### 6. FESTA DO CHULETÓN

Outra das actividades proxectadas para o 24 de maio e a III Festa do Chuletón na que participan a meirande parte dos locais de hostalería de Rodeiro.

Condicionantes:

- O menú denominase "Sabor Labrego"
- Debe estar compostos por ensalada, patacas, chuletón de Tenreira Galega Suprema, postre lácteo, viño da casa e auga.
- O peso aproximado do chuletón e de 700 gramos.
- O prezo será de 32 €.

Os locais participantes son os que aparecen no cartel adxunto.



#### **4.- LICITACIÓN PÚBLICA PARA A ADXUDICACIÓN DUNHA LICENZA DE USO COMÚN ESPECIAL PARA A INSTALACIÓN DUNHA BARRA-BAR DURANTE A CELEBRACIÓN DA III EDICIÓN DO “SABOR LABREGO RODEIRO 2026”**

##### **I.- XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO CONTRATO**

De conformidade co disposto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o municipio exercerá en todo caso competencias propias en materia de ocupación do tempo libre, promoción da cultura e o turismo.

No ámbito de ditas competencias, o Concello vai organizar integramente a III Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*” o vindeiro día 24 de maio do corrente. É tradicional que ademais das contratacións musicais e de índole sociocultural e/ou deportiva, calquera programa festivo se ofrezca á poboación servizos complementarios especialmente no recinto onde se levarán a cabo as actuacións musicais, e entre eles a explotación de unha Barra-Bar onde realizar as consumicións mentres gozan da música e o baile.

Por outra banda, o Concello precisa incorporar ás súas arcas todas aquelas achegas económicas que lle axuden a sufragar os gastos que unha iniciativa como esta xera, e que non poden ser só asumidas con cargo ao erario público, polo que o feito de utilizar o rendemento que nos permite o uso do dominio público, convérsese nunha importante aportación ao presuposto deste evento.

Considérase, en consecuencia, acorde co interese público que o Concello licite a licenza administrativa para a instalación de unha Barra-Bar durante a celebración da III Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”.

##### **II.- TRAMITACIÓN**

En razón do establecido nos artigos 84 e seguintes da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas (en diante LPAP) e do artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de Bens das Entidades Locais (en diante RBEL), a licitación realizarse mediante concorrencia, ao ter a concesión a natureza xurídica de uso común especial de

bens de dominio público, conforme ao establecido no artigo 75.1 b) do RBEL e 85.2 da LPAP.

Propónse a tramitación urxente por mor do limitado período temporal existente antes da celebración do evento.

### III.- CRITERIO DE ADXUDICACIÓN

Establécese o seguinte único criterio de adxudicación: o maior prezo ofertado, a partir dun mínimo de DOUS MIL CINCOCENTOS EUROS (2.500,00 €), IVE incluído. A adxudicación outorgarase ao/á candidato/a que, cumprindo os requisitos establecidos, oferte un maior prezo pola explotación da barra-bar.

### IV.- INSUFICIENCIA DE MEDIOS

Esta Administración carece dos medios humanos para executar a prestación do servizo xa que non se trata dunha actividade habitual da administración e os servizos de hostalería non se atopan ligados ao xiro ou tráfico da Administración Pública.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o expediente para a licitación pública para a adxudicación dunha licenza de uso común especial para a instalación dunha barra-bar durante a celebración da III Edición do “*Sabor Labrego Rodeiro 2026*”, mediante procedemento aberto en tramitación urxente.

Segundo.- Aprobar o prego de cláusulas que rexerán a licitación.

Terceiro.- Publicar o correspondente anuncio de licitación a través do Perfil do Contratante do Concello.

## 5.- AUTORIZACIÓN A TRABALLADORA LABORAL DO CONCELLO PARA A SUBSTITUCIÓN DO PERMISO DE LACTACIÓN POR UN PERMISO RETRIBUÍDO QUE ACUMULE EN XORNADAS COMPLETAS O TEMPO CORRESPONDENTE

### ANTECEDENTES

1º.- Dona Belén Fernández González, con DNI núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Arcas, parroquia de Guillar, solicita con data 13 de maio do corrente (RE-E núm. 329) a acumulación en xornadas completas do tempo correspondente ao permiso de lactación que lle corresponde segundo o previsto na normativa vixente.

2º.- A solicitante ostenta a condición de persoal laboral temporal do Concello, desempeñando o posto de traballo de técnica en Educación Infantil no Punto de Atención á Infancia (PAI).

3º.- Consta no expediente que a solicitante é nai dunha filla de idade inferior aos doce meses.

### FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 112.1 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia dispón en relación co permiso de lactación que *“Por lactación dun fillo menor de doce meses, o persoal funcionario terá dereito a unha hora de ausencia do posto de traballo, que poderá dividir en dúas fraccións (...)”*.

Segundo.- O parágrafo terceiro do artigo citado dispón textualmente: *“Poderase solicitar a substitución do tempo de lactación por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo correspondente (...)”*.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar á traballadora laboral temporal do Concello Dona Belén Fernández González a substituír o tempo de lactación que lle corresponde (91 horas) por un permiso retribuído que acumule en xornadas completas o tempo

correspondente, acumulando dito tempo en dezaioito (18) días laborais a gozar entre os días 15 de maio e 9 de xuño do corrente, ambos inclusive.

## **6.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADOR POR GOCE DE PERMISO LABORAL**

Por acordo adoptado na presente sesión concedeuse á traballadora laboral temporal Dona Belén Fernández González, quen presta servizos no Punto de Atención á Infancia (PAI), o goce dun permiso laboral. Xa que logo existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/dunha novo/a traballador/a que preste o devandito servizo durante dito período, ao obxecto de manter a ratio de persoal na dita instalación municipal e así evitar prexuízos aos/ás usuarios/as da mesma.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2025, prorrogado a esta data para o ano 2026, establecida no artigo 20.Cinco da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

Proponse para a presente contratación utilizar a lista de reserva aprobada por acordo deste órgano, adoptado na sesión de data 7 de abril do corrente.

Debidamente informados/as de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación, como técnica en Educación Infantil do Punto de Atención á Infancia (PAI), mediante un contrato temporal por circunstancias da produción, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, da seguinte traballadora:

- ✓ SORAYA LÓPEZ TABOADA, con DNI núm. [REDACTED] a tempo parcial (25 horas/semana), entre os días 15 de maio e 9 de xuño de 2026, ambos inclusive, en substitución da traballadora Belén Fernández González

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

### **7.- ALTA DE USUARIA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2025-2026**

VISTA a instancia presentada por Dona Lala Moh Lamin Moh Cori, con NIE núm. [REDACTED], veciña do lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 594, do 11/05/26), pola que solicita a alta da súa filla Chahrazad Brahim Moh Lamin como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, en xornada parcial de mañá.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe favorable emitido, con data 14/05/26, pola educadora familiar do Concello Dona Ana Belén Rodríguez Pérez, no que acredita que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes na quenda solicitada, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda proceder á alta, como usuaria do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2025-2026, da menor CHAHRAZAD BRAHIM MOH LAMIN, en xornada parcial de mañá, con data de efectos do día 18 de maio do corrente.

### **8.- FACTURAS E PAGOS**

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- NATURGY CLIENTES S.A.U. 2.830,15 €  
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de abril de 2026, s/recibos.
- TELEFÓNICA MÓVILES ESPAÑA S.A.U. 26,43 €  
Por consumos das liñas de telefonía móbil do Concello, s/facturas núm. 28-E6M0-051742, 28-E6DD-060958 e 28-E6DD-105466 (FACe).

- SOCIEDAD ESTATAL CORREOS Y TELÉGRAFOS S.A., S.M.E.  
594,82 €  
Por franqueo de correspondencia oficial do Concello e Xulgado de Paz no mes de abril de 2026, s/facturas núm. 4004670981 e 4004677225 (FACe).
- MAPFRE ESPAÑA S.A. 590,29 €  
Por seguro anual de vehículo municipal, s/factura núm. 75202619900020003897 (FACe).
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.  
2.013,02 €  
Honorarios por dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde da obra de “*Mellora de depósito de abastecemento de Gurgullóns*”, s/factura núm. 2026/31 (FACe).
- CONSULTORÍA Y DISEÑO DE INFRAESTRUCTURAS CIVILES S.L.  
677,89 €  
Honorarios por redacción de anteproxecto para o investimento de “*Equipamento para a biblioteca e zona de exposición do Centro Cultural Manuel Lamazares*”, s/factura núm. 2026/36 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 929,03 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de abril de 2026, s/factura núm. A/69 (FACe).
- RODOIL S.L. 142,31 €  
Por subministro de combustible ao vehículo da AVPC no mes de abril de 2026, s/factura núm. 2026/26/000150.
- RODOIL S.L. 911,08 €  
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de abril de 2026, s/facturas núm. 2026/26/000149, 2026/26/000151, 2026/26/000153, 2026/26/000154 e 2026/26/000155 (FACe).

- DURO E HIJOS S.L. 533,11 €  
Por traballos de reparación do camión de recollida do lixo, s/factura núm. 1F26/842 (FACe).
- RODOIL S.L 4,01 €  
Por lavado do camión de recollida do lixo no mes de abril de 2026, s/factura núm. 2026/26/000152 (FACe).
- AMBIGAL 360 S.L. 1.647,80 €  
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 01-A260426 (FACe).
- FINANCIERA MADERERA S.A. 121,00 €  
Por recollida e tratamento de residuos voluminosos do Punto Limpo, s/factura núm. 1501012489 (FACe).
- ASCÁN SERVICIOS URBANOS S.L.U. 330,00 €  
Por importe do servizo consistente na recollida selectiva da fracción papel-cartón, s/factura núm. 81/ABR/26004192 (FACe).
- CANTERAS DE RICHINOL S.L. 1.548,47 €  
Por subministro de materiais de construción para obras en camiños municipais, s/factura núm. 000/000000298 (FACe).

*(As seguintes facturas corresponden integramente ao Expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Créditos núm. 1/2026, aprobado polo Pleno do Concello na sesión de data 4 de maio de 2026, e son imputables ao orzamento prorrogado do exercicio de 2026)*

- SOCISER GALICIA S.L.U. 2.248,50 €  
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, nos meses de novembro e decembro de 2025, s/facturas núm. A/206 e A/226 (FACe) – *Reparo suspensivo da Intervención levantado por resolución da Alcaldía de data 13/05/26.*

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas quince minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,  
*(sinatura dixital)*

O alcalde,  
*(sinatura dixital)*